

## O triunfo de Lilith: Textos para unha muller perversa (Lectura de *Nós nus* de Olga Novo)

a vida resúmese

a entrar nun círculo a bailar  
por un momento  
a danza, tolamente, das abellas.  
Olga Novo: *Nós nus*

Olga Novo vén de ofrecernos a súa segunda entrega poética individual, *Nós nus*<sup>1</sup>, que conforma, xunto cos versos de *A teta sobre o sol*<sup>2</sup>, unha peculiar e individualísima maneira de entender o erotismo onde a condición feminina do eu poético é reivindicada sempre pois marca, dun xeito irrefutable, a vivencia erótica. O telurismo e a sensualidade plena son dúas das características que esta vivencia ten nos versos de Olga Novo pois, como o eu poético confesa:

*eu tiro ó monte mentras que ti ó códice.*

*retorno á mica orixinaria ó musgo  
verde coma todo o que pobo a meu xeito de entrar polo mundo.*

Superada a libérrima etapa medieval, o temor masculino a que a muller accedese ó seu poder reflectíuse nunha serie de imposicións de cara ó estamento feminino que atinxían tamén ó terreo sexual. Neste sentido foi relevante a volta á tradición bíblica que fai da primeira muller unha creatura marxinal -xerada dunha parte inútil do corpo de Adán: a costela-, carente de independencia e orixe dos grandes males do home. A perda dese manto de incorruptibilidade despreocupada que investía a Eva e Adán como habitantes do paraíso, e por ende o desequilibrio entre o privilexio da razón sobre calquera outro tipo de desexos, só ten unha culpable: Eva. É ela a que abre esa caixa de Pandora simbolizada na mazá e revoluciona o modo de vida dos humanos obrigándoos a buscar o equilibrio harmónico entre desexo e razón.

Desde entón Eva, e todas as súas descendentes, deben enfrontarse ás restriccións que o home lles impón e ir superándoas de vagar. Mentres a figura masculina se mantén estática nos seus presupostos ó longo do tempo, a feminina cambia lentamente nunha revolución muda e soterrada. Porén, neste avance, novos estigmas vanse sumar ó castigo divino primixenio. Así, desde tempos pretéritos, as mulleres que se afastaron do patrón de "anxo do lar" foron denigradas, perseguidas e

---

<sup>1</sup> Xerais, Colec. "Ablativo Absoluto", Vigo, 1997

<sup>2</sup> Edicións do Dragón, 1996.

impúxoselles o enclaustramento no fogar ou, xa en casos máis específicos, o exilio fóra das vilas. Todas levaron impresa na fronte, e ben visible, a indeleble letra escarlata da vergoña.

Co nome de "bruxas" foron queimadas na fogueira por unha Inquisición temerosa do seu poder para curar e axudar nos partos, da súa intelixencia homeopática. Cando, máis tarde, se lles aplicou a denominación de "perversas" foron illadas na súa *estravagancia*, na súa conducta *desordenada*. Consideróuseas "loucas" por non reprimir o ámbito dos sentimentos, por desexar os roles masculinos e reclamar unha parcela de dignidade. Todas elas volveron os seus ollos á auténtica nai, Lilith, a muller creada da mesma materia que xerou a Adán e, como el, independente e libre que tan pronto foi escurecida polo estamento eclesiástico baixo un manto de silencio.

Mais, estas mulleres ven agora unha merecida homenaxe nos poemas que Olga Novo agrupa baixo o título de "as *desertoras*". Nestes versos todas as féminas que, "*convocadas ó abandono*" e á represión dos propios desexos, romperon co código de silencio - as "*urantias pousadas nos claros*", as "*faunas*" que saben dos segredos da existencia, as bruxas que entran molladas no aquelarre mentres "*agarran coa man carbón ardendo*", as loucas- son convocadas polo eu poético como as súas compañeiras. A propia natureza feminina e animal deste maniféstase claramente - "*adentro xúntaseme bruxas e tódolos animais que alimentei nos cortellos*"- no seu periplo polo orbe onde, núa, asumir a verdadeira esencia da súa condición xenérica:

*queríamos abrollar a lendas  
e distinguírnos de nomes fraguentos,  
romper a pracer con cinturas de río  
e xogar á nova maneira de estrutura-las cores  
e de marca-las ensoñacións  
con sobrenaturais ritmos cotiáns.*

*e non nos chegaba o día para susurra-los lirios  
e ensaiar modalidades de outonizas.*

*andabamos devecidas polas rochas  
e calquera movemento de frauta deixábanos espidas.*

A conducta liberadora que atopamos en todas estas mulleres culmina na figura desa "*deus negra*" que "*abre as coxas contra o inmenso/ e pare a verba*". A esfera das palabras foi un territorio que non puideron vedar á muller, un lugar onde dar saída ós seus anceios sempre e cando estes non traspasasen os límites do íntimo e fosen un simple exercicio de catarse individual velado para o resto de conxéneres. Mais agora esta escrita sae á luz impregnada dun erotismo dérmico que lle devolve a voz a esas mulleres que "*parten dentro das aves*", que se elevan dunha existencia gris e encadeada. Empapando a palabra poética de erotismo acádase unha nudez máis

profunda que a puramente física pois o eu poético ábrese para acariciar desde o seu interior toda a realidade, para "revolve-la voz entra-la en carnes/ manter en vilo o amor como as palabras":

*eu nacín aprendida a ser aberta  
como casa mariñeira  
e a ser fácil muller de chuvias e tormentas.*

*eu non sei como non cheguei a torques,  
retroñada.*

*estaba destinada a xerfa e dolmen  
porque tiña vontade de loucura  
e tódolos ciclos do entusiasmo.*

*aprendera a ler polas palmas das mans,  
sabía fondear en tódalas arquitecturas do lume  
e restituí-la chuvia  
coma tocar palabras pola punta do océano.*

Neste momento entran en xogo todos os sentidos corporais como unha parte irrenunciable e tan importante da vivencia erótica que provocan a transgresión do eu poético da súa propia condición física. Este xa non é un corpo senón un ser libre, un tabú feito agora de desexo, unha *gata* que -afastada das convencións sociais- ansía con todos os poros "vivirte sete veces":

*eu son o tabú.  
atoparédesme no carambelo  
co son interno das pandeiretas  
e un cuarto crecente de desexo arrodeándome.*

*teño aínda os colares das contas de viño  
porque son do país das restrebas  
e atesouro luces pequenas de voces estrañas.*

*buscádeme nos veigais  
que eu ando ceiba  
e non libo máis pracer  
que os vosos cus estampados de carqueixas e herbosas.*

A mutación non foi casual ou irresponsable senón buscada con todas as consecuencias pois "miña é a medición do mercurio/ e a decisiva busca do manancial/

*que me devolva a correntes con azar de baías". Cuidadosamente, o eu trata de non sufrir dano na súa entrega absoluta, procura non romperse na intensidade con que vive o amor polos corpos, na loucura percorrendo a terra, na paixón intensa e despeiteada pola vida:*

*eu chegara coma louca  
coidando de non romperme coma un cristal de murano  
no centro mesmo da explosión da vida.  
e penso se realmente foran feitas para ti  
as opostas coordenadas dos espacios pechados,  
se chegaras xa a tódolos portos  
e viras a desolación  
e todo canto se pode meter nos ollos*

Esta vivencia plena e total é común ás "desertoras", tamén elas apaixonadas polo risco que encerra a transgresión dos límites. Ó mesmo tempo, individualiza ó ser que nos fala na súa forma de vivir buscando sempre distender as fronteiras, o establecido, ata acadar a nudez da sensación, o sentimento de liberdade plena que dá sentirse bordeando o gume dos precipicios. Quen non arrisca non vive, non se eleva:

*pero ti  
non sabes chegar súbito a explosiona-lo azucre das laranxas  
nin consegues manexa-lo envoltorio das mapoulas  
e nin sequera ascendes a auga-lo peito en sinal rústico.*

*porque  
para iso  
hai que bordear-lo son ó pe do último acorde  
e escorrerte como se corre o risco  
de estar á vida  
como se está á morte.*

A fin, o eu acada o segredo orixinal da vida, a mesma fórmula máxica que posúen as mulleres perversas -aquelas que, investidas co lume da paixón vitalista, se senten libres de espirse para acoller nos seos, no sexo, na pel, os roces do aire, a auga e a terra. Ese "*material semente*" con que moldear novas existencias, xoves vidas, é o seu regalo para o amante que, pairando sempre nos versos, se albisca, tamén nu, a carón do eu poético como unha esencia misteriosa que non se esvae:

*prometo material semente  
para conquistar formas de cabalos  
ata anegarche as pálpebras:*

*revelación das herbas  
a tensión natural de ir contigo ó límite  
coma un orgasmo a man entre o centeo.*

Eis é o triunfo de Lilith, a forma en que Olga Novo rompe o tabú da muller perversa para redefinila como un ser semellante ó home agás na vivencia demoledora dun erotismo que a traspasa de herbas, de baías, de músicas e a eleva dunhas cadeas que xa non a suxeitan no seu voo. Como un ser destinado á rebelión, á ruptura cos atavismos que nos foron velando durante séculos, o eu poético expónse núa, rotunda na súa entrega, aberta como unha Lilith capaz de gobernar o seu propio mundo de sensacións cósmicas.

TERESA SEARA  
Dorna, 24, 1998, pp.131-134.